

París, 19 de marzo de 1966

Sr. D.
Antón Alonso Pérez
Bos Aires.-

Distinto irman:

Recibín onte a sua do 14 con poia da de D. Antón Alonso Ríos do 23 de novembro, que xa tiña recibido no seu día. Tamén recibín a sua do 7.

Pase a informarlles das reunións últimas do Consello Federal Español.

Reuniuse o Consello o domingo 6 de marzo pra escoitar o informe do señor Ridruejo, delegado pol-a Asociación Española de Cooperación Europea pra que asistira a ista reunión con "plenos Poderes" e tratase de chegare a un acordo sobor da base da proposición da A.E.C.E. que vostedes coñezen. A pesare da boa defensa que fixo o señor Ridruejo e da mellor disposición do Consello, non se chegou a nada concreto. Tampouco se romperon as relacións e quedouse en que unha delegación da A.E.C.E. viñese a París pra falr con outra desñada pol-o Consello pra estudar as bases d'un posible entendemento. Desde logo a proposición da A.E.C.E. foi rechazada por unanimidade.

Os delegados da A.E.C.E. que tiñan que vir a ista reunión non poideron facelo pol-a vixilancia da policía española. Por iso, veu o señor Ridruejo soio.

O sábado, día 12, voltou a reunirse o Consello baixo a presidencia de don Salvador de Madariaga a quen se lle deu conta de todo o concerniente as negociacións con a A.E.C.E. O señor Madariaga sumouse o noso punto de vista, deixando ver nas suas palabras, a desconfianza que, tamen a il, lle inspira o señor Gil Robles/ A sua posición resúmese así: A A.E.C.E. non pode entrar no Movimiento Europeo porque para isto e necesario o seguinte

- 1.- Que a Asociación este formada por xentes de todas as tendencias políticas do país, democráticas e europeístas.
- 2.- Que poda levar a cabo todas as suas actividades con plena liberdade.

A A.E.C.E. non reúne ainda estas condicións. O señor Madariaga e partidario d'un acordo pero sin que o Consello deixe de eixirtir e representar o europeísmo español ante o Movimiento europeo. Pensa que os grupos representados na A.E.C.E. deben incorporarse o Consello mentras non poidan traballar coa liberdade necesaria. Dixo que il veía este asunto como un mosquito que ten o corpo medido na i-augua e a cabeza fora, respirando e movéndose e guiando o corpo. O corpo metido na i-auga e a A.E.C.E. e a cabeza, pensante e dirixente e o Consello Federal Español. E decir que as actividades europeístas españolas dirixidas pol-o Consello se farian despois de consultar sempre os europeístas de Madrid.

Referentes o Consello Federal non teño, pol-o momento, outra información que darlle.

Asistín o sábado 12. pol-a noite a unha cea despedida a Don Claudio Sánchez Albornoz, Presidente do Goberno de República no exilio. O domingo 13 a una Conferencia do siñore Llopis e despois a un banquete organizado pol-a sección feminina do Partido Socialista Obrero Español.

O miércoles 16 o homenaxe a don Salvador de Madariaga con motivo dos seus oitenta anos. Iste amigo comenza a sentirse galego de verdade, aun ue ten mo o separatismo. Grabou para a radio de París unhas verbas que lles mandarei tan pronto as reciba nas que fala da sua morriña e dos desexos de acabar os seus dias en Galiza.

O siñore Garcia Sabell acaba de ser nomeado membro do Congreso por la Libertad de la Cultura en Madrid. A delegación en Madrid do Congreso esta dirixida pol-o siñore Martí Zaro. bon amigo meu.

Os siñores Piñeiro e Calviño asistiron en Bonn a unha reunión de grupos socialistas europeos. Foron en representación no novo Partido Socialista Galego. Espero ter información pra enviala.

Insisto na necesidade de crear en Galiza una asociación de tipo europeista, como a de Navarra, que solicite o ingreso no Movimiento Europeo a través dese Consello ou das Irmandades. Iso daríanos mais forza.

Moitas gracias pol-o envío dos mil francos que aínda non recibín. Tamen pol-a suscripción a Galaxia.

Da radio de París invitánme a falar sobor das Irmandades da Fala. ¿Poden enviarme documentación sobor do asunto? O que dirixe as emisios en galego e un bon amigo natural de Villanba que xa traballaba na radio francesa e a quen, pol-o escaso de presupuesto encomendáronlle esta tarefa. Colaboro con él canto podo.

Sin mais por hoxe, reciba o saúdo fraterno de